

NOF

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO

CEIP SACO E ARCE 2022-2023

Certificado de aprobación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF).

Trinidad Álvarez Bande, secretaria do CEIP Saco e Arce de Toén,

CERTIFICA:

Que a comunidade do CEIP Saco e Arce - Toén, co obxectivo de establecer o clima de convivencia axeitado para desenvolver coa máxima normalidade e orde a vida escolar no centro, acorda e aproba, a través dos seus representantes no Consello Escolar, este conxunto de medidas que conforman as Normas de Organización e Funcionamento (NOF).

Este documento foi elaborado polo equipo directivo tendo en conta as propostas do Claustro de Profesores e mailas directrices do Consello Escolar.

Tales medidas están legalmente dotadas de capacidade organizativa e define cales son os dereitos e deberes de cada sector da Comunidade Escolar, así como cales son as canles para facer valer estes dereitos e cales as vías para sancionar o incumprimento deses deberes.

Calquera modificación destas normas terá que ser decidida e acordada polo Consello Escolar.

Este NOF presentouse a ambos órganos colexiados en sesións ordinarias de Claustro de Profesores e de Consello Escolar celebradas o día 25 de outubro de 2022, poñendo previamente a disposición dos seus membros exemplares na secretaría do centro.

Este certificado emítese para os efectos oportunos.

Toén, 25 de outubro de 2022

O Director:

A Secretaria:

Iván Martínez García

Trinidad Álvarez Bande

ÍNDICE

1. Principios rexidores deste regulamento	5
1.1. Xustificación.....	5
1.2. Ámbito de aplicación.....	7
1.3. Procedemento de reforma.....	7
2. Organización práctica de participación de todos os membros da comunidade educativa	7
2.1. Nais, pais e titores legais	7
2.1.1. Dereitos das nais, pais e titores legais	7
2.1.2. Deberes das nais, pais e titores legais.....	8
2.1.3. Procedementos a seguir polas nais, pais e titores legais.....	9
2.2. Profesorado.....	9
2.2.1. Dereitos do profesorado	9
2.2.2. Dereitos do profesorado	10
2.2.3. Procedementos a seguir polo profesorado.....	11
2.3. Alumnado	11
2.3.1. Dereitos do alumnado.....	11
2.3.2. Deberes do alumnado	12
2.3.3. Procedementos a seguir polo alumnado	13
2.4. Vías de comunicación coa comunidade educativa	13
2.4.1. Taboleiro de anuncios	13
2.4.2. Páxina web	14
2.4.3. Correo electrónico.....	14
2.4.4. Espazo ABALAR.....	14
2.4.5. Circulares informativas	15
3. Normas de convivencia que favorezan a participación e as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa e entre os diferentes órganos de goberno e coordinación docente ...	16
3.1. Normas e procedementos para o desenvolvemento das actividades do centro.....	16
3.1.1. Entrada ó centro ó comezo da xornada lectiva.....	16
3.1.2. Sesións lectivas e cambios de aula.....	17
3.1.3. Recreos.....	18
3.1.4. Saída do centro ó remate da xornada lectiva.....	19
3.1.5. Comedor.....	20
3.1.6. Actividades extraescolares	21

3.1.7. Actividades extraescolares e complementarias (organizadas polo centro)	22
3.1.8. Procedemento xeral para a resolución de incidencias durante as activ. do centro.	22
3.2. Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección (decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar).....	23
3.2.1. Principios xerais	24
3.2.2. Das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e da súa corrección.....	27
3.2.3. Das condutas leves contrarias á convivencia e da súa corrección.....	30
3.2.4. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia ..	33
4. Organización e coordinación do equipo docente	40
4.1. Equipo directivo	40
4.2 Equipo docente	40
4.3. Titorías.....	40
4.4. Criterios para a elaboración de horarios	41
4.5. Criterios para a organización das gardas	43
4.6. Criterios para a distribución das aulas	43
4.7. Organización das sesións de avaliación.....	44
5. Proceso de matriculación	46
6. Procedemento de atención a alumnado accidentado.....	46
7. Procedemento de actuación do consello escolar e, se é o caso, as comisións que no seu seo se constitúan para axilizar o seu funcionamento	47
8. Normas de utilización das instalacións, recursos ou servizos educativos do centro pola comunidade educativa e as súas organizacións.....	48
9. Absentismo, faltas de puntualidade e faltas de asistencia.....	48
10. Prevención e procedemento das situacións de acoso escolar.....	49
11. Anexos do nof	50

1. Principios reidores deste regulamento

1.1. Xustificación

O obxectivo que persegue este Regulamento de Organización e Funcionamento é o de cadar coa colaboración de tódolos sectores da comunidade educativa, un marco de convivencia e auto responsabilidade que evite a adopción de medidas disciplinarias. En todo caso, cando estas se apliquen, as correccións deberán ter un carácter educativo, e contribuír ó proceso xeral de formación e recuperación do alumnado, e seguir tanto o espírito como a liña de acción que marca a Lei de Convivencia, e demais normativas.

As normas de convivencia do centro, regulando os dereitos e deberes dos/as alumnos/as e demais membros da comunidade educativa, buscan propiciar un clima de responsabilidade, de traballo e esforzo, así como o respecto mutuo que permita que todos eles obteñan os mellores resultados do proceso educativo e adquiren os hábitos e actitudes recollidos na Lexislación en vigor do Sistema Educativo e demais lexislación.

Asemade, busca a procura dunha educación baseada no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

Este documento réxese polo establecido na seguinte lexislación vixente:

- LOMLOE. Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación.
- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito a Educación.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Real Decreto 443/2001 del 27 de abril sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
- Real Decreto 732/95 de dereitos e deberes dos alumnos.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo do ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria en Galicia.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil en Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade en Galicia.
- Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- Decreto 374/1996, polo que se establece o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
- Decreto 201/2003 do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción na Educación Primaria en Galicia.
- Orde do 25 de xuño do 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil en Galicia.
- Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obligatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional. Ligazón
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Ligazón
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regula as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 27 de decembro de 2002, polo que se regula a escolarización dos ANEAE.
- Orde do 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 28 de xuño 2010, pola que se regula a adscrición do profesorado atendendo a implantación do Proxecto Abalar e dos centros plurilingües.
- Orde do 20 de maio de 2022, polo que se regula o calendario escolar do curso 2022/23.



O que non estea especificado nestas normas rexerase polo establecido no Proxecto Educativo.

Os principios xerais que inspiran as Normas de Organización e Funcionamento son:

- A formación integral e pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado e todos os esforzos do conxunto da comunidade educativa, dirixiranse á consecución deste fin.
- As normas e pautas de conduta que se dispoñen, xunto coas normas específicas de rango superior xa establecidas, rexerán a convivencia no Centro. Todos os compoñentes da Comunidade Educativa quedan obrigados a cumprilas.

- Son principios fundamentais a liberdade, a tolerancia e o mutuo respecto. Estas normas serán de aplicación non só dentro do recinto escolar (edificio, patios...), senón tamén en calquera outro lugar no que se desenvolvan actividades complementarias ou extraescolares organizadas polo colexio, xa sexan excursións, visitas, competicións deportivas...

1.2. Ámbito de aplicación

Estas Normas de Organización e Funcionamento do CEIP Saco e Arce, son de aplicación para toda a comunidade educativa do Centro e cantas persoas ou institucións alleas utilicen as súas instalacións e servizos.

O Regulamento aplicarase en tódalas actuacións que teñan lugar no recinto escolar ou fóra del no curso de tódalas actividades, académicas ou non, propias do centro.

Tamén están suxeitos a este Regulamento as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar motivadas ou relacionadas directamente coa vida escolar e que afecten aos seus compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular as actuacións que constitúan acoso escolar segundo o establecido polo artigo 28 da Lei de Convivencia 4/2011 do 30 de xuño.

As medidas adoptadas polas diferentes instancias do Centro, dentro das súas competencias axustaranse ao disposto neste Regulamento. O seu descoñecemento non exime da obriga do seu cumprimento.

1.3. Procedemento de reforma

Calquera modificación ou reforma do presente Regulamento debe ser aprobada polo Director e informado o Consello Escolar. De calquera reforma aprobada darase conta a toda a Comunidade Educativa.

2. Organización práctica de participación de todos os membros da comunidade educativa

2.1. Nais, pais e titores legais

2.1.1. Dereitos das nais, pais e titores legais

- A seren informados de todo o relativo á ensinanza e formación dos seus fillos ou pupilos, especialmente das faltas de asistencia e dos resultados académicos.
- A solicitaren aclaracións e posibles rectificacións sobre o rendemento e avaliacións dos seus fillos.

- A seren informados e ouvidos nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia, dos seus fillos ou pupilos.
- A seren recibidos polos titores, profesorado ou equipo directivo nas horas estipuladas a tal efecto.
- A participaren no funcionamento do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar e formar parte, libremente, da asociación de nais e pais existente no centro.
- A seren informados da programación xeral anual e das actividades complementarias e extraescolares que se realicen.
- A elixir entre as optativas ofertadas polo centro para a formación relixiosa dos seus fillos, ou ben valores sociais e cívicos.
- Á confidencialidade e tratamento seguro dos datos persoais nos termos que dispoña a consellería.

2.1.2. Deberes das nais, pais e titores legais

- Enviar os seus fillos ou pupilos ó centro aseados, sendo puntuais nas entradas e saídas, e cumprindo cos horarios establecidos.
- Velar polo normal desenvolvemento das tarefas encomendadas ós seus fillos ou pupilos procurándolles os materiais e recursos recomendados para a aula.
- Colaborar na mellora da formación e do rendemento do seu fillo ou pupilo.
- Asistir ás reunións colectivas convocadas pola dirección ou titores.
- A responder do comportamento dos seus fillos ou pupilos e facerse cargo dos danos ocasionados (tanto en bens comúns como de particulares, realizados voluntariamente ou por negligencia), cando así o sancione a comisión de convivencia.
- Coñecer, cumprir, facer cumprir e colaborar coas normas do centro docente.
- De informar ó profesorado sobre posibles necesidades educativas especiais dos seus fillos ou pupilos e colaborar na adopción das medidas pertinentes.
- De informar ó profesorado de todo canto lles sexa solicitado, sempre que afecte á educación dos seus fillos ou pupilos.
- De reter nos propios domicilios ós nenos con febre ou calquera enfermidade infecto contaxiosa durante o período de convalecencia que as autoridades sanitarias consideren oportuno.
- As familias enviarán alimentos saudábeis para a merenda do alumnado, evitando larpeiradas, bollería industrial, etc.

2.1.3 Procedementos a seguir polas nais, pais e titores legais

- Os pais, nais, titores, xustificarán as faltas de asistencia, así como as saídas do centro en horario lectivo.
- As familias respectarán os horarios establecidos.
- As familias e titores do alumnado, tanto de infantil como de primaria, non deberán entrar no centro nas entradas nin nas saídas para non entorpecer o proceso de entrada e entrega do alumnado.
- Os pais, nais, titores legais, deberán comunicar ante o profesorado, titores de curso ou á dirección do centro calquera posible incumprimento das normas de organización e funcionamento; mellor persoalmente, pero tamén a través do correo electrónico do centro ou telefonicamente.
- As nais, pais, titores non deberán exercer no centro ningunha acción sancionadora, acosando ou intimidando ó alumnado, ou calquera outro membro da comunidade educativa.
- O cambio de optativas só se poderá realizar durante o período de formalización de matrícula do 20 ao 30 de xuño.
- Os representantes dos pais, nais no Consello Escolar do centro estarán a disposición das familias para recolleren e xestionaren calquera suxestión ou denuncia que a comunidade escolar lle presente.

2.2. Profesorado

2.2.1. Dereitos do profesorado

- Recibir unha formación e actualización permanentes.
- Realizar o seu traballo nas mellores condición posibles e cos medios máis axeitados, respectando a lexislación existente.
- Participar nos órganos do centro e nas diversas actividades que se programen.
- Recibir calquera información pertinente relacionada co proceso formativo do seu alumnado.
- Colaborar na programación da materia que imparte.
- Liberdade de cátedra dentro do respecto ó PEC (Proxecto Educativo de Centro).
- Ser respectado na súa dignidade persoal non sufrindo discriminacións nin humillacións físicas ou morais.
- Á confidencialidade e tratamento seguro dos datos persoais nos termos que dispoña a consellería.

- Recibir, no caso de profesorado de nova incorporación, o acompañamento necesario para a súa boa adaptación ao centro, asegurando coñecemento do seu PEC e das súas NOF.

2.2.2. Deberes do profesorado

- Elaborar as programacións de aula.
- Actuar de acordo co establecido na PXA (Programación Xeral Anual).
- Fomentar a capacidade e actitude crítica do seu alumnado. Impartir unha ensinanza exenta de adoutramento ou manipulación ideolóxica.
- Asistir ás reunións de claustro, departamento, avaliación e calquera outra que sexa convocada pola dirección.
- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.
- Colaborar cos proxectos educativos e curricular do centro.
- Coñecer as características persoais e a situación familiar do alumnado que repercutan no rendemento académico.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnado do grupo do que é responsable.
- Atender ó alumnado mentres este permaneza no centro en períodos de lecer.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- Facilitar a cooperación educativa coas familias, mediante a programación de titorías e a implicación das familias nas actividades educativas da aula.
- Os representantes do profesorado elixidos voluntariamente para formar parte do Consello Escolar do centro, teñen o deber de asistir ás reunións dese órgano.
- Pertencer, polo menos, a un equipo de traballo: biblioteca, complementarias, tics, normalización lingüística,...
- Realizar gardas de clase, recreo e tarde.
- Establecer unha data de visita e reunión cos pais, nais, titores legais.
- Controlar a asistencia do alumnado e comunicala como se estableza no centro.
- Procurar un ambiente non discriminatorio na aula fomentando a colaboración entre iguais e a realización de actividades independentemente do sexo.
- Intervir en situación de conflito entre o alumnado ofrecendo solución positivas e pacíficas.
- Os recollidos nas actitudes a seguir polo profesorado, así como nas normas de convivencia no centro nos apartados que especificamente afecten ó profesorado.

2.2.3. Procedementos a seguir polo profesorado

- O profesorado debe ser puntual, tanto a primeira hora da mañá como no inicio e remate de cada clase.
- Durante a docencia directa e nas gardas de patio o profesorado utilizará os teléfonos móbiles, ordenadores ou outros medios tecnolóxicos unicamente como ferramenta educativa salvo situacións excepcionais.
- O profesorado especialista comunicará ós titores as faltas de orden na aula.
- Para corrixir as faltas de orde do alumnado, débese utilizar o procedemento estipulado neste documento. En ningún caso se deben tolerar faltas de indisciplina ou respecto. Será primeiramente o profesorado correspondente quen adopte as medidas oportunas e logo comunicará a incidencia á titora ou titor e, de non solucionarse informarase á dirección/xeatura de estudos, de ser necesario convocarase o observatorio de convivencia.
- As horas de permiso deben pedirse, sempre que sexa posible, por anticipado. Os permisos, licenzas e vacacións do persoal docente están reguladas pola Orden de 29 de xaneiro de 2016.
- Tanto a aula-recursos de informática como a biblioteca ten un horario estipulado a principio de curso. Para usar a aula-recursos de informática ou a biblioteca fóra deste horario deberase comprobar que estea libre e facer a reserva na folla correspondente.
- O profesorado debe respectar os dereitos e facer cumprir os deberes do alumnado.
- Cando se abandone a aula, tanto nos cambios de clase como nos recreos e ó remate da xornada escolar, o profesorado deberá comprobar que as luces quedan apagadas e a porta pechada, así mesmo, deberá supervisar ó alumnado ata que estea a cargo doutro adulto responsable ou ata a saída no caso do alumnado con autorización para saír só ó remate da xornada escolar.
- Non se permitirá o acceso do alumnado á aula unha vez rematado o período de clase.
- O profesorado que teña clase con cada grupo será o encargado de organizar a entrada do alumnado de dito grupo tanto na primeira hora da mañá como nos recreos.
- Ser discretos e non divulgar situación ou problemas internos do centro, respectando o dereito á intimidade persoal e profesional dos membros da comunidade escolar.

2.3. Alumnado

2.3.1. Dereitos do alumnado

- A recibir unha formación de calidade que asegure o desenvolvemento da súa personalidade e fomenta a súa capacidade e actitude crítica.
- Á igualdade de oportunidades e a non ser discriminado por razón de raza, sexo ou capacidade económica, crenza relixiosa...

- A recibir todo tipo de axuda nos seus estudos e as medidas compensatorias que lle cómpren.
- A ser respectado polo profesorado e compañeiros. O alumnado non poderá ser obxecto de trato vexatorio, nin verse afectado na súa integridade física e dignidade persoal.
- A toda protección integral contra toda agresión física ou moral e, en particular contra as situación de acoso escolar.
- Ó respecto á súa liberdade de conciencia e a poder expresar libremente ás súas opinión respectando os dereitos dos demais.
- Á axuda precisa, no caso de accidente ou enfermidade prolongada, para que non supoña detrimento do rendemento escolar.
- A participar na vida do centro.
- A manifestar as súas discrepancias. Cando esta discrepancia teña carácter colectivo (aula, centro) debe ser comunicada ó titor ou á xefatura de estudos. Nas manifestacións de carácter colectivo debe asegurarse a participación de todo o colectivo de alumnos implicados e seguir unhas pautas de seriedade.
- A ser avaliado con obxectividade e a recibir as aclaracións e explicacións pertinentes por parte do seu profesorado. Neste senso, todo alumno ou alumna ten dereito a poder ver e revisar, xunto co seu profesor ou profesora, os seus exames. Tamén a reclamar contra as decisión e cualificacións de final de curso ou ciclo.
- Á reserva que o centro ten que gardar sobre as súas circunstancias persoais e familiares, mesmo o incumprimento dos deberes establecidos na lei de protección de menores.
- Se nunha aula o titor ou titora solicítase a revisión de mochilas, o alumnado pode solicitar que esa revisión se faga en privado e/ou coa presenza dos seus familiares que serán requiridos dende a dirección do centro.

2.3.2. Deberes do alumnado

- O deber fundamental do alumnado é estudar, participar das actividades propostas polo centro, dentro das súas posibilidades e respectando ao resto da comunidade educativa e quitar proveito das ensinanzas que se lle imparten no centro, tanto no que se refire a coñecementos como a actitudes e normas de comportamento.

Son, asemade, deberes do alumnado:

- Estudiar e respectar o dereito ó estudo dos seus compañeiros.
- Asistir puntualmente ás clases co material preciso, aseados e participar nas actividades programadas.
- Respectar a dignidade e as función do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

- Seguir as orientacións do seu profesorado respecto á súa aprendizaxe e formación.
- Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos sen distinción de sexo, e a dignidade integral e intimidade dos seus compañeiros e de todos os membros da comunidade educativa.
- Cumprir as normas de organización, funcionamento, convivencia e disciplina, establecidas neste conxunto de normas, tamén cando se participe en actividades extraescolares, visitas, excursións e calquera outra actividade organizada polo centro.
- Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalación do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- Participar na vida do centro contribuindo a fomentar un clima de respecto, diálogo, compañeirismo, traballo, creatividade e estudo.
- O alumnado usuario de comedor rexerese polas mesmas normas de educación, respecto e convivencia que o resto do alumnado.

2.3.3. Procedementos a seguir polo alumnado

- Non poderá usar o teléfono móbil nin outro aparello electrónico do tipo: PSP, DS, MP3, sistemas de gravación e/ou reprodución, reloxos con cámara ou similares, nin durante a xornada escolar nin nas excursións agás cando sexa un emprego didáctico programado polo docente responsable da actividade.
- O alumnado non pode permanecer nin acceder as aulas sen presenza do profesorado responsable durante os recreos.
- O alumnado denunciará ante o profesorado ou dirección as faltas contra estas normas que o afecten persoalmente ou á calquera da comunidade educativa.
- Recoméndase evitar o consumo e o reparto de larpeiradas (chicles, caramelos, gominolas, bollería industrial, etc.) durante as horas de permanencia no centro.
- O alumnado evitará calquera tipo de manifestación ideolóxica ou relixiosa que poida interferir na sensibilidade dalgún membro da comunidade educativa.

2.4. Vías de comunicación coa comunidade educativa

2.4.1. Taboleiro de anuncios

- No centro hai un taboleiro de anuncios que a comunidade escolar poderá consultar con información actualizada.
- Tamén se publicará no taboleiro información da ANPA que se considere de interese para a comunidade educativa.

2.4.2. Páxina web

- O centro dispón dun espazo web no que se ofrecerá información actualizada sobre o calendario escolar, admisión de alumnado, comedor escolar, actividades lectivas e complementarias, actividades da biblioteca, datas de avaliacións, conmemoracións, ... e novas de última hora.
- Tamén se publicará na web información da ANPA que se considere de interese para a comunidade educativa.
- Os membros da comunidade escolar poderán colaborar no desenvolvemento do espazo web do centro solicitando un usuario ou enviando as novas ó correo electrónico do centro. Serán moderadas pola dirección e/ou equipo TIC.

2.4.3. Correo electrónico

- O correo electrónico do centro é o medio máis rápido e seguro de comunicación co propio centro e profesorado do mesmo. Diariamente será consultado dende a dirección e derivado ó departamento correspondente.

2.4.4. Espazo ABALAR

- Aplicación que permite ás familias seguir a actividade educativa dos seus fillos desde o dispositivo móbil.
- A plataforma envía os avisos mediante a aplicación ABALAR Móbil e a través dos correos electrónicos dos responsables que están cargados na aplicación de Xestión Administrativa Da Educación (XADE)
- Os responsables dos alumnos deberán comunicar ó centro calquera erro que se detecte nos datos de contacto ou calquera cambio nos mesmos.
- Aa aplicación ABALAR Móbil permite consultar datos como:
 - Acceder aos datos persoais
 - Consultar as cualificacións
 - Consultar e xustificar as faltas de asistencia
 - Consultar as faltas de conduta
 - Solicitar unha cita de titoría
 - Consultar os datos do centro educativo
 - Consultar os avisos ou notificacións por parte do profesorado ou do centro educativo.
 - Consultar as incidencias creadas polo profesorado
 - Modificar o idioma da aplicación

Acceder á mensaxería de abalarMóbil, que é unha nova funcionalidade que tén como obxectivo facilitar a comunicación entre o centro e os responsables do alumnado, ou entre o profesorado e este.

2.4.5. Circulares informativas

- Cando algún sector da comunidade escolar, dirección, equipos, AFA, concello, ... así o precise, enviaranse polo alumnado notas informativas e autorizacións en formato papel ás familias.
- O centro tenderá a non enviar notas en papel para fomentar o respecto polo medio ambiente, soamente cando a información sexa moi urxente e/ou de gran importancia ou cando sexan formularios que teñan que ser cubertos polos responsables, quedará xustificado o uso de papel.
- A AFA solicitará ante a dirección a entrega de circulares informativas á comunidade escolar.
- AFA, Concello e organización externas ó centro deberán solicitar e entregar as copias elaboradas e co prazo necesario para poder organizar e flexibilizar a entrega.

3. Normas de convivencia que favorezan a participación e as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa e entre os diferentes órganos de goberno e coordinación docente

3.1. Normas e procedementos para o desenvolvemento das actividades do centro

3.1.1. Entrada ó centro ó comezo da xornada lectiva

- A entrada do alumnado no recinto escolar será ás 9:15, correspondendo á chegada da primeira linea de autobús. O alumno non transportado agardará ata dita hora para entrar ao centro.
- O alumnado de 4º de Infantil será recibido pola mestre de garda de autobús correspondente á súa zona (entrada principal do centro).
- O alumnado de 5º e 6º de Infantil, baixarán as escadas exteriores e accederán ao ximnasio. Alí recibiraos o mestre de garda de autobús desa zona.
- O alumnado de primaria irá ao polideportivo exterior e farán filas en función das diferentes clases de primaria. A será recibido polo mestre que teña garda de autobús en dita zona.
- Unha vez que soe o timbre de entrada accederán á clase.
- Un mestre situarase na zona das escadas exteriores que dan acceso ao ximnasio e ao polideportivo exterior co fin de controlar e regular o acceso do alumnado a ditas zonas.
- O profesorado que teña clase con cada grupo a primeira hora, será o encargado de ir a recollelos cando soe o timbre de entrada (9:30) e ir con eles á clase correspondente.
- Comezarán a subir por grupos desde 6º de primaria ata 1º de primaria. Unha vez rematada a subida dos grupos de primaria, subirán 5º e 6º de Infantil.
- A entrada do grupo de 4º de Infantil será tan pronto toque o timbre das 9: 30 directamente á súa aula.
- Todo o profesorado controlará na medida do posible que se cumpran as normas de boa conduta e prevención de accidentes na entrada ó centro.
- Este procedemento pode ser variado en función das necesidades dalgún alumno e/ou grupo concreto.
- Cando vaiamos polas escadas, deberemos desprazarnos sempre pola dereita para permitir o tránsito no sentido contrario.
- Ás 9:35 pecharase a porta e os alumnos que cheguen tarde terán que timbrar e acceder pola porta principal.
- O mestre que abra a porta ao alumnado que chega tarde, tomará nota dos alumnos que non cheguen á súa hora. Estas faltas de puntualidade serán cargadas no XADE polo Xefe de Estudos e serán tidas en conta á hora de aplicar o protocolo de absentismo escolar.

- Os responsables que queiran xustificar a falta de puntualidade poden cubrir o impreso que hai na web do centro a tal efecto (Anexo II), o impreso será entregado ao día seguinte polo alumnado ao titor-a.
- As familias non entrarán no edificio, agás na zona de dirección para facer algunha xestión nos horarios estipulados de secretaría e dirección.
- As familias procurarán non entorpecer a entrada do alumnado.
- As nais, pais, titores legais ou familias que acompañen ó alumnado non poderán falar co profesorado despois de que toque o timbre para a entrada, dado que nese momento os profesores deben ocupar as posicións encomendadas.
- Os pais, nais de educación infantil só poderán acceder ó edificio no caso de seren reclamados polo centro.

3.1.2. Sesións lectivas e cambios de aula

- Durante as sesións lectivas non se poderá saír da aula, agás para ir ó servizo ou para facer algún recado a instancias do profesor (facer algunha fotocopia, avisar dalgún problema,..)
- As aulas que estén baleiras permanecerán pechadas e o alumnado non poderá acceder a elas sen ir acompañados por un responsable.
- Cada alumno debe levar o material necesario para ir as clases de música, inglés, relixión, educación física,... porque non poderá volver á aula para collelo e o profesor poderá tomar algunha medida disciplinaria pola falta do material necesario cando o alumnado reiteradamente esqueza o material.
- Consideramos a puntualidade un aspecto prioritario para o bo funcionamento do centro, Deste xeito soará en punto ás entradas (9:30 pola mañá e 12:00 no recreo) e ao final de cada unha das 5 sesións diarias de primaria (10:20, 11:10, 12:30, 12:50, 13:40 e 14:30).
- Nos cambios de clase, o profesor que remata a clase será o responsable de acompañar ós alumnos a aula que lles corresponda, agás nos casos concretos nos que se acorde outro procedemento.
- O profesorado debe procurar que os cambios de clase sexan ordenados e silenciosos para evitar accidentes e non molestar ao resto do alumnado que está nas aulas.
- Se un pai/nai/titor legal ou persoa autorizada ven a buscar a un alumno/a durante a xornada lectiva deberá cubrir o formulario de rexistro de ausencias durante a xornada escolar.
- O titor levará o control da asistencia do alumnado da súa titoría, cargando no XADE as sesións da xornada lectiva nas que o alumno non está no centro. Cada día son 5 sesións.
- Os pais/nais poden xustificar as faltas cubrindo o formulario correspondente (Anexo IV) e facéndollo chegar ó titor a través do propio alumno.

- Os avisos ao teléfono do centro ou vía whatsapp ao móbil do colexio serán notificados ao titor correspondente.
- Cando as faltas sexan reiteradas será imprescindible acompañar xustificante oficial.
- Se un alumno falta de maneira inxustificada, catro días nun mes (20 sesións) hai que actuar segundo o protocolo educativo para a [Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia](#).

3.1.3. Recreos

- O recreo de infantil e o de primaria son de 12:00 a 12:30 horas.
 - O patio de recreo é un espazo de convivencia e diversión no que deberemos compartir espazos e materiais. Queda prohibido practicar xogos violentos ou sexistas.
 - O profesorado que ten garda de recreo debe estar moi puntual no patio para evitar que os alumnos estén sen vixilancia, sendo a súa responsabilidade avisar a algún membro do equipo directivo en caso de que se producise algún imprevisto que impidise ou atrasase a súa presenza.
 - O profesorado que ten clase antes do recreo acompañara aos alumnos ó patio comprobando que están os profesores de vixilancia de patio e avisando en caso de que non estén.
 - Os alumnos de 4º, 5º e 6º de infantil accederán ó patio pola porta de entrada ao centro.
 - O alumnado de infantil, na hora do recreo, disporá duns tempos máis flexibles para a organización da merenda, que se priorizará no exterior.
 - Os alumnos de primaria accederán ó patio polo interior do centro, atravesando o ximnasio e accedendo á zona de patio que lles corresponde nesa semana.
 - Durante o recreo non se pode estar dentro do edificio sen a presenza dun profesor.
 - Só por causas excepcionais o alumnado poderá quedar nas aulas durante os recreos, e sempre acompañado do profesorado responsable da actividade a desenrolar. Como medida educativa, poderase modificar o horario do recreo.
 - É preciso pedir permiso os profesores de vixilancia de patio para ir os servizos, quen controlarán que non haxa aglomeracións nos mesmos.
 - Para abandonar o patio por calquera motivo é imprescindible pedir permiso a algún profesor de vixilancia de patio.
 - Durante o recreo as aulas permanecerán pechadas. Cada alumno debe acordarse de coller a merenda e/ou o abrigo antes de baixar o patio, xa que non poderá volver a súa aula a buscalos.
- Os alumnos non deben comer e xogar ó mesmo tempo para evitar accidentes e para non tirar a comida polo chan. Cada quen terá que recoller os restos de comida e/ou os envoltorios e depositalos nas papeleiras do patio para deixalo limpo.
- Os días nos que o patio estea mollado non se poderá usar balóns.

- Ao grupo que lle corresponda facer uso da biblioteca ou do karaoke durante o recreo o farán atendendo ás normas de ditos espazos.
- Aqueles alumnos/as que teñan hora de biblioteca ou karaoke, terán que merendar co seu grupo no exterior e una vez rematada a merenda poderán acceder á biblioteca ou karaoke.
- Tanto na biblioteca coma no karaoke hai que estar en silencio, respectando aos compañeiros/as o seu momento de lectura, de traballo ou mentres cantan.
- Se un alumno non cumpre as normas terá que abandonar a Biblioteca ou a zona de karaoke, volvendo ó seu lugar de patio correspondente.
- Polo bo funcionamento das zonas de recreo existentes no centro, non se pode ir cambiando de zona ao gusto do alumnado. Permanecerase na zona escollida (biblioteca, karaoke ou patio) ata que soe o timbre para volver ás clases.
- En caso de que algún alumno se lesione e, dependendo da posible gravidade, o profesorado de vixilancia actuará deste xeito:
 - Lesións leves: O profesorado de vixilancia atenderá ó alumnado accidentado.
 - Lesións graves: O profesorado de vixilancia avisará ós titores que se porán en contacto coas familias.
 - Se a lesión así o require chamarase ó 061 e seguiranse as instrucións do facultativo.
 - En todo caso actuarase tendo en conta o Protocolo de [Urxencias Sanitarias e Enfermidade Crónica da Xunta de Galicia](#).
- Ó acabar o recreo hai que recoller os balóns, obxectos persoais e material de xogo, e facer as filas para subir ordenadamente.
- En Educación Infantil as profesoras que teñen clase a continuación irán a buscar ós alumnos e acompañaranos ata a aula ou ata a zona acordada para facer a “ hora de ler ”
- En Educación Primaria, os profesores que teñan clase a continuación irán a recollar ao alumnos no polideportivo, e subirán con eles ás clases ou á zona acordada para facer a “ hora de ler ”.

3.1.4. Saída do centro ó remate da xornada lectiva

- O alumnado de Educación Infantil sairá ás 14:20 para facilitar o acceso do alumnado ao comedor. Estes nenos deixarán as mochilas no ximnasio e farán una fila na porta de entrada ao comedor, sendo a encargada do comedor quen os chame por orden para entrar. Os alumnos/as que non queden comer no colexio serán entregados en man os proxenitores pola persoa que tivo clase na última sesión.
- O alumnado de Primaria, baixo supervisión do mestre que tivo clase con eles a última sesión, baixará ao ximnasio a deixar as mochilas e farán filas no mesmo para ir subindo por grupos para acceder ao comedor. O alumnado que fai uso do comedor será recibido pola encargada do comedor, que tomará

lista para entrar. Os demais serán levados ás súas familias pola persoa que tivo clase con eles a última sesión.

- En caso de non aparecer ninguén para recoller, levarase o alumno/a ao hall do colexio, avisarase ó equipo directivo e chamarase á persoa responsable. En caso de non localizar a ninguén avisarase á Garda Civil.
- Os pais ou titores legais teñen a responsabilidade de estar na recollida dos seus fillos e de avisar no caso de que se produza algún problema e non poidan chegar a tempo.
- Os pais/nais/titores legais son as persoas autorizadas para recoller ós seus fillos na saída, para autorizar a outras persoas é preciso cubrir o formulario correspondente (Anexo V).
- Unha vez rematado o horario escolar (de 9:30 a 14:30) as aulas permanecerán pechadas e o alumnado non poderá acceder a elas.

3.1.5. Comedor

• Os alumnos usuarios do servizo de comedor irán coa fila do seu grupo clase ata o ximnasio, deixarán as mochilas e chaquetas, farán una fila e subirán co mestre que tiveron a última sesión ata o comedor, donde serán recibidos pola encargada do comedor. Pasará lista e os alumnado irá entrando e sentándose no seu lugar correspondente. (Reflexado no 3.1.4.)

❖ Funcións:

• O Comedor Escolar é un servizo complementario, de carácter educativo do que fan uso todos os alumnos/as do centro. Este servizo, ademais da función anterior, debe servir para fomentar os hábitos hixiénico/ alimentarios e de convivencia dos alumnos/as.

❖ Características:

• Conta, con persoal de cociña, dunha cociñeira e unha axudante. Ten un colaborador por cada 40 alumno/as de Primaria e unha por cada 25 alumnos/as de E. Infantil, ou fracción.

❖ Normas de Organización:

- No comezo de cada curso celebrarase unha reunión entre todo o persoal relacionado co Comedor para organizar este servizo e comentar as normas de organización.
- O alumnado usuario do comedor procurará asearse debidamente antes de ir a comer usando os servizos da súa planta logo, ao remate do xantar, o alumnado que o desexe poderá utilizar os aseos para realizar a limpeza bucal (a determinar este aspecto ao comezo de cada curso, atendendo a existencia de persoal que vixie).
- A entrada dos alumnos/as ó comedor deberá facerse en orden e silencio, e ocuparán o lugar asignado ó comezo do curso.
- Os alumnos/as de E. Infantil comerán axudados polo persoal colaborador.
- Na Educación Infantil o alumnado prepararase para o servizo comedor dende as 14:20h.

- Na educación Primaria . O alumnado baixará polas escaleiras en fila, con orde. O profesorado deberá velar ao alumnado ata a baixada das escaleiras para controlar que o alumnado baixe correctamente evitando atropellos.
- Durante toda a comida non se permitirá que os alumnos/as falen a berros, que se produzan sons molestos, nin que se levanten sen permiso.
- Non se autorizarán saídas aos baños durante a comida (salvo necesidades urxentes e aos alumn@s de E. Infantil)
- Observarase e procurarase que os alumnos/as coman os diferentes menús, especialmente os máis pequenos.
- Rapaces e rapazas permanecerán sentados no comedor ata que se autorice saír o patio. Nomearase un encargado de cada mesa (agás de E. Infantil) que será o que recolla a mesa e sirva as bandexas.
- Antes de saír as mesas estarán recollidas e ordenadas.
- A principio de curso farase un listado do alumnado que non usa o servizo de comedor, que recollerá ademáis do nome do alumno e o seu curso, as persoas que o poderán vir a recoller.
- Os menús para o curso aprobaranse no último Consello Escolar do curso. Estarán abertos a posibles cambios en función dos servizo de provedores, idoneidade do produto ou calquera problema que poida xurdir.
- No caso de nenos-as que presenten algunha intolerancia dixestiva ou alerxia deberán comunicalo e xustificalo para telo en conta á hora de elaborar o seu menú.
- O horario de recollida do alumnado que faga uso do comedor escolar será ás 15:50 o de xeito excepcional ás 15:15 horas
- Cando un alumno usuario do comedor, asistindo á escola, non vai facer uso do comedor, deberá comunicarse ao centro a través do whatsapp do centro **644030739** antes das 10:00h.

3.1.6. Actividades extraescolares

Actividades extraescolares “de mañá” (Atención temperá).

En horario de 7:30 a 9:30 (ofertada pola AFA en cordinación co Concello)

Actividades extraescolares “de tarde” (non organizadas polo centro)

- As actividades extraescolares “de tarde” serán levadas a cabo en horario de 16 a 17 horas.
- Permitirase a utilización de parte das instalacións do centro para a realización das actividades extraescolares. Asignaranse os espazos precisos atendendo a criterios de funcionalidade e seguridade en función das actividades programadas para cada curso escolar.

- A AFA e/ou entidade encargada do servizo actividades extraescolares disporá os termos e condicións para o uso do mesmo e responsabilizarase do correcto uso do mobiliario e instalacións e comprometerase a restaurar ou reparar posibles danos.
 - O monitor da actividade extraescolar deberá estar 5 minutos antes do inicio da actividade. Cando o alumnado transportado salga do centro recollerá aos seus alumnos-as. Ao remate da mesma será o monitor quen entregue os alumnos/as aos seus pais/nais ou titores/as.
- Se houberse algunha incidencia, o monitor deberá comunicar a un responsable do AFA os feitos.
- O profesorado nas gardas de tarde (gardas de biblioteca) é a persoa que está como responsable a cargo do centro. Deberá atender as necesidades e incidencias que se produzan neste período. En caso de situación excepcionais, deberase informar a algún membro do equipo directivo.
 - Durante o tempo das actividades extraescolares “de tarde” as aulas permanecerán pechadas e o alumnado non poderá acceder a elas.

3.1.7. Actividades extraescolares e complementarias (organizadas polo centro)

- Ás familias do alumnado solicitaráselle , no momento da matrícula e ó principio de cada curso, o permiso de saídas e utilización da imaxe do alumno ou alumna mediante o formulario correspondente (Anexo I).
- Ó principio de cada curso as titorías aseguraranse da situación do permiso de uso de imaxe e de saídas do alumnado da súa titoría.
- Calquera profesor pode propor unha actividade complementaria para un curso, en coordinación co equipo docente dos cursos que vaian participar.
- A preparación previa e/ou traballo posterior derivados da actividade serán realizados polo profesor que solicita a actividade.
- Sempre que sexa posible tratarase de non ocupar as horas doutros mestres e serán acompañados polo titor e/ou o profesor que solicitou a actividade. No caso de actividades fóra do recinto escolar tamén axudará para o desprazamento profesorado que esté dispoñible e disposto nese momento en función da idade e do número de alumnos/as.
- En caso de falta de profesorado dispoñible a actividade pode ser cancelada.

3.1.8. Procedemento xeral para a resolución de incidencias durante as activ. do centro.

Procedemento para o alumnado

- En todas as actividades do centro existe un/uns responsable/s que se encargarán de velar polo cumprimento das normas establecidas.

- Se algún alumno/a detecta un incumprimento da normativa deberá comunicarllo de inmediato ó responsable nese momento.
- O mestre que detecte ou sexa informado dun incumprimento da norma corraxirá o comportamento e imporá unha sanción axustada á gravidade da falta se o considera necesario. Estas poden ser:
 - Amoestación privada ou por escrito.
 - Realización de traballos específicos en horario lectivo.
 - Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
 - Suspensión do dereito a participar na actividade que se está levando á cabo por un período limitado.
- Se o alumno persiste na súa actitude o responsable cubrirá un parte de incidencia explicando o sucedido. Entregaráselle unha copia ó pai/nai ou titor legal, outra ó titor e outra á Xefa de estudos, e para que conste os tres asinarán o parte.

Así mesmo, mandarase á familia una incidencia pola plataforma Abalar informando do sucedido e informarse á persoa titora do alumnado para que sse poida coordinar o antes posible coa familia (presencial ou telefónicamente).

- No caso de condutas contrarias á convivencia repetitivas por parte dun alumno deberase informar ó titor do alumno/a quen tratará de corrixir o seu comportamento, facer un parte de incidencias e/ou informar á Xefa de estudos para valorar se se aplica o procedemento ó que fai referencia o apartado 3.2 deste documento.
- Cando un alumno acumule 3 partes de incidencia durante un mesmo curso escolar, convocarase a comisión de convivencia para tomar algunha das medidas recollidas nos puntos 3.2.2.2 e 3.2.3.2 deste documento.

Procedemento para o resto da comunidade educativa

- Cando un membro da comunidade educativa detecte un incumprimento das normas do NOF informará á persoa infractora para que rectifique o seu comportamento.
- No caso de que non se produza esa rectificación informarse á un membro do equipo directivo para que aplique as medidas oportunas.

3.2. Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de corrección (decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar)

3.2.1. Principios xerais

3.2.1.1. Principios xerais

1. Obxectivo principal é a prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no plan de convivencia e no protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.
2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:
 - a) Ter carácter educativo e recuperador.
 - b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
 - c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixa/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
 - d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixa.
3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
5. Garantiráselle ó alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.
6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixa.
7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.
8. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
9. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos nas normas de organización e funcionamento do centro.

3.2.1.2. Clases de condutas contrarias á convivencia

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.

2. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

3.2.1.3. Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras previstas neste documento tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ó centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciatoria desta vulnerabilidade.

3.2.1.4. Reparación de danos causados

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e ós bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación.

Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

3.2.1.5. Ámbito de corrección

1. Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación do servizo de comedor.

2. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

3.2.1.6. Aspectos formais dos procedementos correctores

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección.

2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter os seguintes datos:

- a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ó procedemento.
- b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.

- c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ó procedemento.
 - d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.
 - e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ó procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
 - f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ó pai, á titora ou ó titor legal da alumna ou do alumno, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.
4. As citacións ás alumnas ou ós alumnos e tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.
5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos e das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.
6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.
7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou ó pai, á titora ou ó titor legal da alumna ou do alumno, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

3.2.2. Das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e da súa corrección

3.2.2.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ó persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e ós materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou ós bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado. Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

3.2.2.2. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ó desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ó centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro.

3.2.2.3. A proposta de cambio de centro

1. A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.
2. A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.
3. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á Xefatura Territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.

4. A Xefa ou o Xefe Territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

3.2.2.4. Aplicación das medidas correctoras

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no punto 3.2.2.2. deste documento de conformidade cos procedementos previstos no punto 3.2.4. deste documento.
2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

3.2.3. Das condutas leves contrarias á convivencia e da súa corrección

3.2.3.1. Condutas leves contrarias á convivencia

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ó centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

As condutas “c” e “d”, por non ser esixencias de comportamento atribuíbeis ao alumnado, senón ás familias, e mesmo no caso c, solucionarse mediante o protocolo de absentismo, non poden acarrear ningunha medida disciplinaria para o alumnado.

e) O incumprimento das normas e procedementos para o desenvolvemento das actividades do centro descritas no punto 3.1. deste NOF.

3.2.3.2. Medidas correctoras

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ó centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS.

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

- ❖ Como complemento das medidas correctoras previstas anteriormente, o departamento de orientación desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no noso centro. Así mesmo, desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.
- ❖ Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

3.2.3.3. Responsables da aplicación das medidas correctoras

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:
 - a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do punto 3.2.3.2. deste documento.
 - b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do punto 3.2.3.2. deste documento.
 - c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do punto 3.2.3.2. deste documento.
 - d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do punto 3.2.3.2. deste documento. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ó pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

3.2.3.4. Solicitude de revisión e execución de medidas

1. As persoas proxenitoras ou representantes legais das alumnas ou os alumnos ás/ós cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do punto 3.2.3.2. deste documento, poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste punto, así como as restantes recollidas no punto 3.2.3.2. deste documento, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

3.2.4. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

3.2.4.1. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

O procedemento conciliado será o de primeira elección, a non ser que se dea algunha das circunstancias que o limitan.

2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

4. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ó consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.

5. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

3.2.4.2. Determinación do procedemento de corrección

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.

2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e

valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

3. Ó iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ó centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado.

Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

3.2.4.3. Inicio do procedemento de corrección

1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos exixidos para iso daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

2. Nos casos en que se lles ofrece a alumna ou ó alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.

4. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ó profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa.

5. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

- a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
 - b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
 - c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no punto 3.2.1.4. deste documento.
 - d) Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.
6. A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no punto 3.2.1.6., números 3 e 7, deste documento e comunicaráselle á Inspección Educativa.

3.2.4.4. Procedemento conciliado

3.2.4.4.1. Procedemento conciliado

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.
2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:
 - a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
 - b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ó dito procedemento.
3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:
 - a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
 - b) Cando as persoas proxenitoras ou representantes legais da persoa agraviada non comuniquen a súa disposición a acollerse ó procedemento conciliado.
 - c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ó procedemento conciliado.
 - d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.
4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector.

3.2.4.4.2. Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno e as persoas proxenitoras ou representantes legais opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e ós afectados e ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ó alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.
4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.
5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no punto 2.2.1.4 deste documento. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada e das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.
6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.
7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no punto 2.2.4.5 deste documento.

3.2.4.4.3. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar a seguinte función:

- Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

a) Contribuír ó proceso de conciliación.

b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ó entendemento.

c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

3.2.4.4.4. Actuacións complementarias ás medidas correctoras

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

- Como complemento das medidas correctoras previstas anteriormente, o departamento de orientación desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no noso centro. Así mesmo, desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.
- Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

3.2.4.5. Procedemento común

3.2.4.5.1. Procedemento común

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste documento.

3.2.4.5.2. Desenvolvemento do procedemento común

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrucción do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ó alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

3.2.4.6. Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas

1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

a) Feitos probados.

b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.

c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.

d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

2. A dirección do centro notificaralle por escrito ás persoas proxenitoras ou representantes legais do alumno/a a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.

3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das persoas proxenitoras ou representantes legais do alumno/a, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.

4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

3.2.4.7. Compromisos educativos para a convivencia

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.
2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.
3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

3.2.4.8. Prescrición de condutas e de correccións

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste documento, prescriben ós catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ó mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.
3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.
4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ó ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben ós catro meses da súa imposición.

4. Organización e coordinación do equipo docente

4.1. Equipo directivo

- O equipo directivo coincidirá en horario, a lo menos durante dúas horas semanais para desenvolver a súa coordinación.
- Para asegurar a atención do equipo directivo prégase concertar cita a través do alumnado, correo electrónico do centro ou telefonicamente.
- De calquera reunión co equipo directivo poderase levantar acta se fose oportuno.
- O equipo directivo fomentará un clima de diálogo e entendemento entre os diferentes sectores da comunidade escolar, mediando entre eles se fora preciso.

4.2. Equipo docente

- O equipo docente reunirse periodicamente ó longo do curso.
- Fixaranse as datas de reunión durante o mes de setembro.
- O profesorado dos diferentes niveis revisará os contidos e os criterios de promoción marcados no PEC, asesorados polo departamento de orientación.
- O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tendo en conta o criterio do profesorado titor.
- Presentará un proxecto para o Plan Xeral Anual no que, a lo menos, figurarán as datas de reunión, un plan de actividades ou saídas complementarias e as necesidades de material.

4.3. Titorías

- Os titores consultarán periodicamente co profesorado especialista sobre o desenvolvemento educativo da aula.
- A hora de visita semanal das familias será os martes de 17 a 18 horas, agás que haxa algún cambio circunstancial.
- As titorías procurarán unha reunión inicial coas familias do seu alumnado.
- Excepcionalmente, para posibles visitas das familias que non poidan facelo na hora fixada, as titorías poderán ser concertadas nun horario distinto, sempre en horario non lectivo e con cita previa.
- Os pais, nais ou titores legais deberán concertar a visita cos titores previamente a través de Abalar, de alumnado, correo electrónico do titor ou telefonicamente.
- Os titores poderán solicitar das familias, colaboración para a realización de actividades do alumnado.

4.3.1. Criterios para a asignación de titorías

Escollerase por orde tendo en conta os seguintes criterios:

- Ser coordinador dalgún programa de innovación educativa (como é o caso de Edixgal) ou posuir as competencias necesarias para dar clase nese programa educativo.
- Maior antigüidade no centro.
- Maior antigüidade no corpo de mestres como funcionario de carreira.
- En caso de empate decidirase por sorteo.

4.4. Criterios para a elaboración de horarios

- En aplicación da Orde do 23 de xuño de 2011, establécese un horario lectivo de 25 horas, computando as gardas, gardas de recreo, gardas para custodiar ó alumnado, coordinacións (ciclo, ENDL, AA CC e EE e TICs) e liberación horaria para cargos directivos. A saída do centro, dentro deste horario lectivo, será baixo a supervisión da xefatura de estudos e debidamente xustificada.
- Establécese un horario de biblioteca por titorías na que os alumnos empregarán este servizo , baixo a supervisión do titor ou mestre acompañante, para consulta, ampliación , reforzo ou préstamo. O profesorado poderá cubrir horario con gardas de biblioteca que serán sempre presenciais.
- O equipo directivo terá unha redución horaria máxima de vinte horas semanais en cómputo global (Director, 8 h.; Xefa de estudos, 6 h. ; Secretaria, 6 h.) que o equipo directivo distribuirá como crea conveniente para o mellor funcionamento e organización do centro.
- No horario do orientador do centro contemplaranse sesións adicadas á coordinación cos profesores titores, así como a realización de gardas e recreos.
- Os tempos de recreo estarán vixiados por cinco mestres seguindo as quendas establecidas (zona de infantil, con dous/dúas mestres/as; zona de primaria con tres mestres/as)
- En todo momento haberá, polo menos, dous mestres de garda, para cubrir as incidencias que se produzan. No caso de ausencia dun ou máis mestres da garda para cubrir ausencias do profesorado, realizarán as substitucións, en primeiro termo, aqueles profesores que nese momento non teñan docencia directa; en segundo termo, dinamizacións, reforzos educativos e coordinacións; e en terceiro término, membros do equipo directivo con horario dispoñible para tal fin.
- O profesorado completará o seu horario semanal deste xeito:
 - 25 HORAS DE CARÁCTER LECTIVO: As horas de docencia directa ó alumnado máis as gardas, gardas de recreo, coordinacións, dinamizacións e liberalización horaria do equipo directivo.
 - 5 HORAS FIXAS SEMANAIS DE CARÁCTER NON LECTIVO: Titorías de pais/nais, gardas de carácter non lectivo (actividades extraescolares da tarde), reunións de equipos de ciclo, de departamento de orientación, sesións de avaliación, dinamizacións, participación en reunión de órganos colexiados e reunións para elaboración ou modificación de documentos de planificación e para a súa avaliación.

- Ó profesorado que non cubra as 25 horas lectivas, o director, oído o Claustro, poderá asignarlle tarefas relacionadas con (Orde do 22 de xullo de 1997, Cap.V, Profesorado, 2.1.-Horario do profesorado):
 - Atención á diversidade, a alumnos con dificultades de aprendizaxe ou con NEAE.
 - Impartir as áreas dalgunha das especialidades para as que estea habilitado noutros ciclos ou dentro do mesmo ciclo, con outros grupos de alumnos. En canto ás materias que queden sen designar, o Equipo Directivo terá en conta a maior dispoñibilidade horaria do profesorado para asignarlle a este a maior parte das materias dunha mesma área.
 - Reforzo Educativo, tendo en conta os seguintes criterios:
 - a) Dispoñibilidade horaria
 - b) Criterios organizativos do centro (horarios dos mestres e dos cursos, gardas, biblioteca...)
 - c) Criterios pedagóxicos
 1. Proximidade dos cursos impartidos e os cursos apoiados.
 2. Menor número de mestres distintos para cada grupo.
 3. Dinamizacións e potenciación da utilización dos recursos didácticos: biblioteca, medios audiovisuais e informáticos,...
- No caso de profesores itinerantes, o director procurará asignarlles xornadas completas.
- Aplicación de desconto do horario lectivo:
 - Ós coordinadores de ciclos : 1 hora
 - Ós coordinadores de ENDL e AA CC de menos de 18 uds.: 1 hora.
- O alumnado de Educación Infantil poderá ter unha hora de música e outra de psicomotricidade semanal, sempre de acordo cos mestres especialistas en música, EF do colexio e mestre/a de apoio de Ed. Infantil que será a encargada de levar a cabo ditas áreas e co obxectivo de completar horario, optimizar os recursos dispoñibles e mellorar a calidade educativa do centro.
- A Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo da E.I. en Galicia, no CAPÍTULO III, Artigo 14.- Profesorado especialista, contempla que os alumnos do 2º ciclo de E.I. recibirán docencia do profesorado especialista de lingua estranxeira do centro, quen participará no desenvolvemento da programación da área de linguaxes e do de relixión, quen se responsabilizará da programación propia desta área.
- O horario dos mestres/as das especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe serán responsabilidade da persoa que ocupe a xefatura do departamento de orientación tendo en conta as necesidades do centro a nivel organizativo.

4.5. Criterios para a organización das gardas

- En todo momento haberá, polo menos, dous mestres de garda, para cubrir as incidencias que se produzan. No caso de ausencia dun ou máis mestres da garda para cubrir ausencias do profesorado, realizarán as substitucións, en primeiro termo, aqueles profesores que nese momento non teñan docencia directa; en segundo termo, dinamizacións, reforzos educativos e coordinacións; e en terceiro término, membros do equipo directivo con horario dispoñible para tal fin.
- A ausencia dun mestre, sexa de infantil ou de primaria, cubrirase co profesorado do centro, sexa de infantil ou de primaria que esté de garda.
- Cando se necesite cubrir a ausencia de máis profesores procederase da seguinte forma:
 - En primeiro lugar, os profesores que figuren na quenda de garda, tendo en conta a comparativa de gardas en cómputo das mesmas.
 - En segundo lugar, e esgotados os anteriores, o profesorado que teña a hora libre de docencia e que tivera dinamizacións, coordinacións ou RE.
 - En terceiro lugar será o equipo directivo nas horas dedicadas ós cargos de secretaría, xefatura de estudos e dirección.
- Establecerase unha lista de mestres/as para substitucións nas quendas de recreo, tanto para infantil como para primaria. Non lle volverá a tocar substituír a un mestre ata que o faga a lista completa.
- As gardas non lectivas relacionadas coa xornada única, que denominamos “gardas da tarde”, levaranse a cabo en horario de 15:50 a 17:50 horas o día do mes que lles corresponda por quenda e atenderán ós requirimentos que lle sexan propios de acordo co proxecto de xornada única.
- No caso de que xurdira algún impedimento por parte dalgún integrante da parella de garda, será este o responsable de avisar ó xefe de estudos quen resolverá en función da orde establecida para que se realice a substitución do membro de baixa. Estas horas, de realización mensual, que forman parte das 5 horas non lectivas de obrigada permanencia, serán contabilizadas no horario semanal persoal do profesorado.

4.6. Criterios para a distribución das aulas

- Tendo en conta as ratios acordadas coa inspección e solo habendo un aula con aseo dentro da mesma a distribución das aulas de infantil queda como segue:
 - 4º de Ed. Infantil e 5º de Ed. Infantil, as dúas aulas situadas no andar principal, fronte a biblioteca
 - 6º DE EI: Situada no primeiro andar e preto dos baños.
- As aulas de 5º e 6º de Primaria, serán aquelas dotadas con material Abalar.
- A clase que posúe maior número de alumnos utilizará a aula con máis dimensións (aula con dúas entradas).
- O resto das aulas de primaria escollaranse no orde que se escolleron as titorías.

◦ **ESPECIALIDADES:**

- INGLÉS : nas aulas de titoría.
- EDUCACIÓN FÍSICA: gimnasio e polideportivo.
- RELIXIÓN/MÚSICA : Aula de Música.
- BIBLIOTECA: AULA Nº 6.
- ORIENTACIÓN: Aula de Orientación.
- PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA: AULA de PT.
- AL: Aula de Orientación, aula de PT (dependendo do día e das necesidades do centro).

4.7. Organización das sesións de avaliación

- As sesións de avaliación son reunións do equipo docente para valorar o desenvolvemento xeral do alumnado, a súa aprendizaxe, a práctica docente do profesorado e aquelas circunstancias cuxa incidencia no proceso de ensinanza e aprendizaxe se consideren relevantes, facendo fincapé nos alumnos que presenten dificultades.
- As sesións de avaliación poderán contar co asesoramento do departamento de orientación.
- Realizaranse tres sesións de avaliación para cada grupo de alumnos e alumnas, que serán fixadas pola xefatura de estudos e presididas pola persoa titora, quen levantará unha acta en que consten as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e do alumnado e os acordos adoptados en relación co grupo ou en relación cos alumnos e coas alumnas.
- As notas serán introducidas no XADE polos titores e mestres de cada unha das áreas antes da avaliación, onde se revisarán e cambiarán en caso necesario.
- Cada titor comprobará antes da data de publicación por Abalar que os boletíns están correctamente cumprimentados.
- No boletín tamén se reflectirán as faltas de asistencia, polo que os titores comprobarán que están correctamente introducidas no XADE.

APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN PRIMARIA

A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

No contexto deste proceso de avaliación contínua, cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con

necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar as destrezas, os coñecementos, as actitudes e os valores para dar resposta a situacións, dotar de funcionalidade aos aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan coa mesma competencia, os cales conforman o perfil de esa competencia

PROMOCIÓN

Ao finalizar os cursos de segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción nos restantes cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con calificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

O alumnado que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e se tomará se tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular do alumno ou alumna, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis axeitada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou alumno poda acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só se poderá tomar unha vez durante a etapa, oidas as nais, pais ou persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno ou alumna, indicando no seu caso, as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

A fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno e alumna disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

5. Proceso de matriculación

• O proceso de escolarización rexerese pola normativa vixente DECRETO 254/2012, ORDE do 12 de marzo de 2013 e ORDE de 25 de xaneiro de 2017.

• Cada ano publicarase no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web, a normativa e os prazos para presentar a documentación para solicitar praza, así como os prazos para as listas provisional e definitiva de admitidos.

• Os alumnos/as ós que se lle asigne unha praza no centro terán que formalizar a matrícula nos prazos establecidos presentando a seguinte documentación:

- Fotocopia do libro de familia da/s folla/s onde estean rexistrados todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Fotocopia da cartilla de vacinacións.
- Fotocopias DNI dos pais ou titores legais e do alumno/-a, se o tiver.

⇒ Ademais deberán entregar cubertos os seguintes documentos:

- O documento de formalización de matrícula de Educación Infantil e primaria.
- Anexo I - Autorización uso da imaxe e Actividades extraescolares e complementarias.
- Anexo V - Autorización recollida alumnado na saída (se procede).
- Anexo VI - Autorización para saír só ó remate da xornada (se procede)
- Anexo IX - Enquisa sobre a lingua materna (só para o alumnado de Educación Infantil).
- Anexo XII - Información sobre os datos de saúde.
- Anexo - Declaración responsable.
- Fondo solidario de libros de texto, axudas para a adquisición de libros de texto e de material escolar – ED330B (se procede).
- Formulario para a inclusión do alumno/a no programa de Alerta Escolar – 061 (se procede).

No caso dos alumnos/as que se matriculen en 4º de infantil deben controlar os esfínteres. Por norma xeral os mestres/as non os cambiarán e avisarán as familias para que o fagan.

6. Procedemento de atención a alumnado accidentado

▪ Cando se produza un accidente o profesorado responsable deberá trasladar ó alumno/a ata a dirección do centro se é posible. En caso contrario tratarase de mantelo inmovilizado ate a chegada dun sanitario.

- Actuarase de acordo co Protocolo de Urgencias Sanitarias e Enfermidade Crónica da Xunta de Galicia.
- No centro non se gardarán nin se subministrarán medicamentos, agás en casos excepcionais e sempre coa solicitude médica.

▪ Cando se produza un accidente de gravidade cubriranse os anexos ___ e ___ de Rexistro de actuacións en emerxencias e incidencias

7. Procedemento de actuación do consello escolar e, se é o caso, as comisións que no seu seo se constitúan para axilizar o seu funcionamento

Consello Escolar:

- O Consello Escolar reunirse, unha vez por trimestre e cando sexa preciso.
- Informarase ó consello escolar dos documentos do centro como a PXA, a memoria económica anual e a memoria final, así como todos os documentos que se poidan aprobar para a organización e funcionamento do centro.
- As reunións do Consello Escolar celebraranse en días e horas que permitan a asistencia de todos os seus membros, con carácter xeral ás tardes en horario de 17 a 18 horas.
- O Consello Escolar será convocado pola dirección do centro con, a lo menos, corenta e oito horas de antelación, se se trata dun Consello Escolar ordinario; e no mesmo día se é un Consello Escolar extraordinario.
- O Consello Escolar poderá ser convocado a proposta de calquera dos seus membros, sempre que o tema a tratar sexa importante e así recoñecido pola maioría dos representantes do profesorado ou de pais e nais.
- O Consello Escolar poderá ser convocado oficialmente por calquera dos seguintes medios: correo electrónico, whatsapp, correo ordinario, ou polo propio alumnado.
- Cando os puntos dun Consello Escolar requiran documentación informativa, esta será remitida ós seus membros con antelación suficiente a través dos seguintes medios: correo electrónico, whatsapp, correo ordinario ou polo propio alumnado.
- Calquera membro do Consello Escolar poderá incluír un punto na orde do día sempre e cando o faga coa suficiente antelación e antes da convocatoria final do consello correspondente.
- A dirección do centro informará mediante reunións informativas ou claustros, ó profesorado sobre os temas a tratar no Consello Escolar e os seus acordos.

Comisión económica:

- A comisión económica reunirse e informará ó Consello Escolar sobre as materias de índole económica do centro.
- Será necesaria a reunión da comisión para a aprobación de gastos extraordinarios, previa ó Consello Escolar.
- Cando haxa unha reunión convocada pola dirección do centro, os seus membros disporán da documentación que lles cómpre para a súa análise.

Observatorio de convivencia:

- O observatorio de convivencia reunirse unha vez por trimestre e cando sexa preciso resolver e mediar nos conflitos producidos no centro.
- Cando se produza un conflito, o observatorio de convivencia canalizará as iniciativas dos distintos sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia no centro.
- Informará ó Consello Escolar da aplicación das normas de convivencia.

8. Normas de utilización das instalacións, recursos ou servizos educativos do centro pola comunidade educativa e as súas organizacións

- Para a utilización das instalacións do centro por entidades ou persoas alleas á comunidade escolar do centro, presentarse solicitude á dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación ó Departamento Territorial de Educación que resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección educativa.
- Para uso ocasional ou con carácter excepcional, o director poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes.
- A utilización das instalacións pola ANPA, asociación de antigos alumnos, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, só require a solicitude previa ó director do centro cunha antelación mínima de tres días.
- As solicitudes presentaranse por escrito e con antelación suficiente na que o solicitante se responsabilizará do correcto uso do mobiliario e instalacións e se comprometerá a restaurar ou reparar posibles danos.
- O uso das instalacións non alterará o normal desenvolvemento da actividade docente.

9. Absentismo, faltas de puntualidade e faltas de asistencia

9.1. Absentismo

- Considérase absentismo a ausencia ó centro escolar, sen causa debidamente xustificada, durante un período mínimo do dez por cento (10%) do horario lectivo.

9.2. Faltas de puntualidade

- As faltas de puntualidade serán apuntadas e rexistradas na aplicación XADE, por parte do titor e supervisado polo xefe de estudos. Poderán ser consultadas polos titores legais a través da plataforma ABALAR.

- Considerase falta de puntualidade de 9:30 a 9:35, a partir das 9:35 será considerada falta de asistencia na primeira sesión e seguintes.

9.3. Faltas de asistencia

- O profesorado levará un rexistro de faltas do alumnado que anotará no XADE e se reflectirá no boletín de notas e na plataforma ABALAR.

- Calquera ausencia parcial dunha sesión será considerada como falta de asistencia na sesión completa.

- No rexistro de faltas indicárase cales están xustificadas e cales non.

- As familias deberán xustificar as faltas de asistencia. Cando as faltas sexan reiteradas (máis de dous días ó mes) o xustificante deberá ser oficial: xustificante médico, documento acreditativo no caso de deberes inescusables, calquera outro documento que acredite a circunstancia que xustifique a ausencia.

- Cando se incremente de xeito significativo o número de faltas de asistencia a clase do alumnado sen xustificar ou sen xustificante oficial, o profesorado titor convocará á nai, ó pai ás persoas titoras legais, a unha reunión seguindo todo o procedemento especificado nas Instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia.

10. Prevención e procedemento das situacións de acoso escolar

- Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo, dun alumno por outro ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos.

- As medidas para a prevención detección e tratamento das situación de acoso escolar rexeranse polo [Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015.](#)

11. Anexos do NOF

Anexo I. Autorizacións do alumnado (imaxe, saídas, abalar, whatsapp)

Anexo II. Xustificación de retrasos

Anexo III. Xustificación de ausencias do alumnado en horario lectivo

Anexo IV. Xustificación de faltas de asistencia

Anexo V. Autorización de recollida do alumnado na saída

Anexo VI. Autorización para saír só ó remate da xornada

Anexo VII. Parte de incidencia

Anexo VIII. Resumo das actuacións que se van realizar no procedemento disciplinario

Anexo IX. Enquisa sobre a lingua materna

Anexo X. Solicitude uso de instalacións escolares

Anexo XI. Rexistro de accidentes e urxencias médicas

Anexo XII. Información sobre datos de saúde

Anexo. Expón-Solicita